

Turismo e Natureza



O Património Cultural Eumés

(Rota do Castelo)




1. O monocultivo do eucalipto.

Temos que saber diferenciar entre bosques autóctonos e plantacións forestais. Pódese definir un bosque como un variado e complexo conxunto de seres vivos que están interrelacionados entre si. A orixe do bosque é natural, pero este tipo de vexetación cada vez é máis rara en Galicia.

Nembargantes, as plantacións forestais son máis pobres, carecen de variedade, non posúen estrutura de bosque xa que soen ser monocultivos (só hai unha especie de árbores), introducidas polo home co fin de sacar beneficios: madeira, papel...


O máis claro exemplo de monocultivo en Galicia é o eucalipto. Non son árbores autóctonas, viñeron de Australia a finais do s. XIX. Estas árbores empregáanse para facer papel, teñen un crecemento moi rápido e son moi resistentes. Os problemas que provoca o seu cultivo son importantes: especie invasora, soporta moitas cortes, absorben moita auga do chan, son pobres en especies de animais e plantas, ...



2. Os Liques.

Os líques son indicadores naturais da contaminación, xa que son moi sensibles a contaminación atmosférica. Utilízanse como bioindicadores. Fórmanse pola simbiose dun fungo e unha alga. A alga realiza a fotosíntese e o fungo aporta a humidade. Poden vivir miles de anos e colonizar medios moi dispares. Nesta rota podémoslos atopar sobre todo en zonas de bosque e mesmo nas pedras do Castelo. Podemos diferenciar tres tipos de líques:

- ❖ Líques **incrustantes** : contaminación non moi alta
- ❖ Líques **foliáceos** : contaminación moderada
- ❖ Líques **ramosos** : ausencia de contaminación



3. As rías.

Son o fenómeno máis singular da nosa costa e incluso, se pode dicir, que son únicas no mundo. A súa orixe pode datarse hai 650 millóns de anos aproximadamente, provocada por grandes pregamentos e fallas na superficie terrestre. Con posterioridade, sucédense etapas de forte erosión e algúns bloques tectónicos da plataforma continental afúndense mentras que outras zonas se elevan. Tamén o nivel do mar aumenta e cobre os profundos vales fluviais. Despois serán os procesos xeolóxicos externos os que modelarán a costa galega ata darlle o seu aspecto actual.

Podemos, polo tanto, atopar diferentes modelos de rías: tectónicas, fluviais, intermedias, etc.

O litoral ten unhas características particulares, pero en xeral podemos distinguir entre dous tipos de costa en Galicia: as formas suaves das Rías Baixas e as máis accidentadas Rías Centrais e Altas.

Dende un pouco antes de chegar o castelo, se o día está despexado, podemos ver (en dirección W) as rías de **Pontedeume**, Betanzos e A Coruña e incluso veremos a cidade coa **Torre de Hércules**.



Ría de Pontedeume

4. O Castelo de Andrade.


O **Castelo** está situado nun mirador estratéxico, a Pena Leboreira. As súas reducidas dimensións amosan o seu carácter de baluarte defensivo. Foi construído por **Fernán Pérez de Andrade "O Bo"** sobre as terras do Mosteiro de Sobrado. Tras anos de preito a Casa de Andrade acordou pagar ó prior un arrendamento de 10.000 marevedís anuais.

A **Torre da Homenaxe**, a parte mellor conservada, é de pranta cadrada, con vinte metros de alto e dez de ancho. O grosor dos muros é de dous metros e medio. Debeu de ter tres andares, cubertos cunha bóveda de cantería sobre a que estaba a parte almeada.

O resto do edificio adáptase á configuración do terreo e pecha un patio de armas de 140 m². Na única entrada aínda se percibe, borroso, o escudo dos Andrade, nel aparecen dous animais: o **xabarín** e o **oso**, que representaban a forza que esta familia tiña nestas terras. Estaba franqueada por dous torreóns prismáticos. Nos dous andares desta zona encrávanse as dependencias privadas. Un pequeno foxo nos francos sur e leste remataba a obra.

Conta a lenda que o castelo conecta por medio dun túnel subterráneo coa residencia dos Andrade en Pontedeume.

Tamén é coñecido como **Castelo da Fame** ou de **Nogueirosa**.



Actividades sobre o Castelo

1-Colocando no lugar correspondente as vocais que faltan descubrira-los distintos nomes que recibe este castelo.

CASTELO D_ N_G___R_S_

CASTELO D_ P_N_ L_B_R__R_

CASTELO D_ F_M_


CASTELO D_ _NDR_D_

2-Atopa na sopa de letras as seguintes palabras relacionadas co castelo: Nogueirosa, mecenas, foso, almeas, homenaxe, Bo, Andrade.



3- Encrucillada.

- 1.- Nome da pedra onde se sitúa o castelo.
- 2.- Un dos animais que aparece no escudo do castelo.
- 3.- O outro animal representado no escudo.
- 4.- Anos que tardaron en edifica-lo castelo.
- 5.- Apelido da familia que mandou face-lo castelo.
- 6.- Nome da torre mellor conservada.
- 7.- Vila onde residían os Andrade.
- 8.- Nome que reciben as fiestras estreitas e alongadas dende onde disparaban os arqueiros.



5. A Igrexa de Santa María de Doroña.



Santa M^a de Doroña existía xa no ano 1.185 pois desa data é un documento do rei de Galicia e León, Fernando II. Nel concédense ó Mosterio de Caaveiro o dereito sobre as $\frac{3}{4}$ partes dos beneficios de Doroña. A Igrexa de Doroña ten unha nave e unha ábsida de planta semicircular románicas, rematadas na segunda metade de século XII. A portada é sinxela, cun par de columnas e arquivolta lixeiramente apuntada. Destaca no tímpano un relevo do "**Agnus Dei**", sobre a porta de entrada que está protexida por un pórtico cuberto. Un gracioso campanario elévase sobre un contraforte lateral, probablemente para mellorar a acústica das campás. No interior, o arco triunfal de medio punto apoiase sobre columnas con capiteis ben labrados. Xunto a igrexa podemos ver un fermoso exemplar de **acacia negra** (árbore exótica introducida e asilvestrada en Galicia).